



competencias clave



XUNTA DE GALICIA



competencias clave



XUNTA DE GALICIA

Orde de 26 de novembro de 2009, pola que se regulan as probas de avaliación en competencias clave para acceder aos cursos dos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación dentro das accións formativas de formación profesional para o emprego na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG núm. 244, do 16.12.2009).

## PROBAS DE COMPETENCIAS CLAVE

A Consellería de Traballo e Benestar organizou probas de avaliación para que persoas sen titulación poidan acceder aos cursos de formación para o emprego asociados aos certificados de profesionalidade. Realizáronse un total de 2.916 probas das 4.248 solicitadas, polo que a porcentaxe de presentados se situou ao redor do 70%.

Un total de 991 persoas solicitaron participar nas diferentes avaliacións. A maioría das inscricións corresponderon ás competencias clave de nivel 2, mentres que no nivel 3 foron 240 as avaliacións efectuadas.

Con diferenza, as competencias clave máis solicitadas foron as de lingua castelá, lingua galega e matemáticas. Tamén houbo probas en dixital, tecnoloxía, ciencia, lingua inglesa, xeografía e historia.

Os distintos exames realizáronse nos centros propios da Consellería de Traballo e Benestar de FP Ocupacional de Santiago, Lugo, Ourense e Vigo.


Aquelas persoas que participaron nas probas de avaliación en competencias clave disporán dun documento acreditativo que certifique o resultado obtido. Esta acreditación ten validez en todo o territorio estatal e posibilita o acceso aos módulos formativos que requiran esa competencia clave.

Coa realización destas probas, Galicia converteuse na primeira comunidade autónoma en efectuar este tipo de avaliación, apostando pola renovación que se está a levar a cabo na oferta de formación para o emprego, baseándose nos novos certificados de profesionalidade.

A Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Formación e Colocación, ten previsto desenvolver no vindeiro verán unha segunda convocatoria para poder atender a demanda existente.

## A MOCIDADE GALEGA: ACTIVIDADES MÁIS CONTRATADAS

10 actividades con maior número de contratados a menores de trinta anos. Galicia 2009




O panorama da contratación xuvenil hai que enmarcalo no actual contexto de crise económica que trae consigo un significativo descenso da contratación e altas taxas de desemprego. Se atendemos á diversificación da actividade económica, observamos un comportamento da poboación xuvenil polarizado en subsectores de baixa cualificación profesional. A actividade contractual desenvólvese principalmente en oficios e profesións que están encadrados en sectores maioritariamente afectados pola precariedade e o subemprego, como é o caso das actividades relacionadas co comercio, hostalería ou construción.

A maior porcentaxe de contratación xuvenil concéntrase nas “actividades relacionadas co emprego”. Esta división fai referencia á intermediación laboral desenvolvida polas axencias de colocación e empresas de traballo temporal no seu labor de información e provisión de recursos humanos. As seguintes actividades que rexistran unha maior contratación están encadradas dentro dos sectores da hostalaría, comercio e construción. Pola contra, os mozos teñen menor presenza relativa en ramas de actividade ligadas ao sector público, como administración pública, educación ou sanidade.

As principais ocupacións en que se concentra a contratación aos menores de trinta anos seguen a amosar un alto índice de temporalidade e unha elevada rotación no emprego.

10 ocupacións con maior volume de contratos a menores de trinta anos. Galicia 2009. Porcentaxe



Como se observa, a maioría das ocupacións corresponden ao sector servizos e, en menor medida, á construción. Pódese comprobar que se trata, en xeral, de traballos pouco cualificados que non requiren uns coñecementos específicos nin unha ampla experiencia laboral. Entre as ocupacións máis contratadas a menores de trinta anos, figuran as de camareiro, dependente de comercio, e peón de servizos. A ocupación de animador comunitario, que se sitúa no sexto lugar da lista das máis contratadas, é a única dentro das dez primeiras que, na súa evolución nos últimos cinco anos, rexistra unha tendencia positiva. As nove ocupacións restantes experimentaron un descenso no volume de contratación xuvenil, tanto na súa tendencia quinquenal como na variación interanual con respecto a 2008.

# GLOSARIO

### SISTEMA NACIONAL DE EMPREGO

É o conxunto de estruturas, medidas e accións necesarias para promover e desenvolver a política de emprego. O Sistema Nacional de Emprego está integrado polo Servizo Público de Emprego Estatal e os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas.

### O SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO ESTATAL

É o organismo autónomo da Administración xeral do Estado ao que se lle encomenda a ordenación, desenvolvemento e seguimento dos programas e medidas da política de emprego.

### O SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO DE GALICIA

É a estrutura pública dependente da Xunta de Galicia que une dun modo integral e coordinado todas aquelas unidades da Administración autonómica que prestan servizos ou exercen funcións no ámbito das políticas activas de emprego, dentro do marco territorial da nosa comunidade autónoma.

### A POLÍTICA DE EMPREGO

É o conxunto de decisións adoptadas polo Estado e as comunidades autónomas que teñen por finalidade o desenvolvemento de programas e medidas tendentes á consecución do pleno emprego e mais a calidade no emprego, á adecuación cuantitativa e cualitativa da oferta e a demanda de emprego, á redución das situacións de desemprego e á debida protección nas situacións de desemprego.

### ACCIÓN FORMATIVA

É a dirixida á adquisición e mellora das competencias e cualificacións profesionais, podéndose estruturar en varios módulos formativos con obxectivos, contidos e duración propios.

### A FORMACIÓN PROFESIONAL

Comprende o conxunto de accións formativas que capacitan para o desempeño cualificado das diversas profesións, o acceso ao emprego e a participación activa na vida social, cultural e económica. Inclúe o ensino propio da formación profesional inicial, as accións de inserción e reinserción laboral dos traballadores, así como as orientadas á formación continua nas empresas, que permitan a adquisición e actualización permanente das competencias profesionais.

### SUBSISTEMA DE FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Está integrado polo conxunto de instrumentos e accións que ten por obxecto impulsar e estender entre as empresas e os traballadores ocupados e desempregados unha formación que responda ás súas necesidades e contribúa ao desenvolvemento dunha economía baseada no coñecemento.

### A FORMACIÓN EN ALTERNANCIA CO EMPREGO

Está integrada polas accións formativas dos contratos para a formación e polos programas públicos de emprego-formación, permitíndolle ao traballador compatibilizar a formación coa práctica profesional no posto de traballo.

Se quere acceder á páxina web do Instituto Galego das Cualificacións  
<http://emprego.xunta.es/cualificacions>



### Normativa autonómica destacada:

Orde do 10 de marzo de 2010 pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2010, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, e se procede á convocatoria para o ano 2010.

Orde do 18 de febreiro de 2010 pola que se aproba o Manual de normas de identidade visual corporativa institucional da Xunta de Galicia (DOG núm. 34, do 19.02.2010).

Resolución do 22 de xaneiro de 2010, da Dirección Xeral de Formación e Colocación, pola que se dá publi-

cidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego (DOG núm. 28, do 11.02.2010).

Resolución do 22 de xaneiro de 2010, da Dirección Xeral de Formación e Colocación, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia durante os anos 2009 e 2010 de programas integrados para o emprego (DOG núm. 28, do 11.02.2010).

### Outra normativa de interese:

Lei orgánica 2/2009, do 11 de decembro, de reforma da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social (BOE núm. 299, do 12.12.09).

Real decreto 1851/2009, do 4 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 161 bis da Lei xeral da Seguridade Social en canto á anticipación da xubilación dos traballadores con discapacidade de grao igual ou superior ao 45% (BOE núm. 307, do 22.12.09).

Lei 27/2009, do 30 de decembro, de medidas urgentes para o mantemento e o fomento do emprego e a protección das persoas desempregadas (BOE núm. 315, do 31.12.09).

Real decreto 2030/2009, do 30 de decembro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para 2010.

Real decreto 133/2010, do 12 de febreiro, polo que se establece a prórroga do programa temporal de protección por desemprego e inserción, regulado pola Lei 14/2009, do 11 de novembro (BOE núm. 141, do 16.02.2010).

Resolución do 26 de xaneiro de 2010, do Servizo Público de Emprego Estatal, pola que se modifica o anexo da Resolución do 21 de decembro de 2009, pola que se fai público o Catálogo de Ocupacións de Difícil Cobertura para o primeiro trimestre de 2010 (BOE núm. 31, do 5.02.2010).

Resolución do 11 de febreiro de 2010, da Dirección General de Trabajo, pola que se rexistra e publica o Acordo para o emprego e a negociación colectiva 2010, 2011 e 2012 (BOE núm. 46, do 22.02.2010).

Para acceder á páxina web da Consellería de Traballo e Benestar:

<http://traballoebenestar.xunta.es/>

Para acceder directamente á área de traballo:

<http://traballo.xunta.es>